

# GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

192 outubro, novembro, decembro 2011

Tomo XLIX

Dirección de honra

Xaime Isla Couto

Dirección

F. Fernández del Riego, Ramón Piñeiro (1963-1988)

Carlos Casares (1989-2002)

Víctor F. Freixanes, Henrique Monteagudo

Consello de redacción

Marilar Aleixandre

Francisco Campos

Domingo Docampo

Carlos Fernández

Uxío Labarta

Carlos Lema

Alberto Meixide

César Portela

Andrés Torres Queiruga

Dolores Vilavedra

Ramón Villares

Secretaría de redacción

Xosé M. Soutullo

Diseño

Fausto C. Isorna

Maquetación

Hayat Husein

Alba Pernas

Cuberta

A Fonte Vella de Mondoñedo

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Redacción, subscripción e distribución

Avenida de Madrid, 44 - 36204 Vigo

Teléfonos: 986 432 100

Fax: 986 223 205

Enderezo electrónico: galaxia@editorialgalaxia.com

[www.editorialgalaxia.com/grial](http://www.editorialgalaxia.com/grial)


Impresión

Obradoiro Gráfico, S. L.

ISSN: 0017-4181

Depósito legal: VG-99-1963

GRITAL non se compromete a devolver  
orixinais non solicitados nin a manter correspondencia  
sobre os mesmos.




Esta revista recibiu unha axuda da Dirección  
General del Libro, Archivos y Bibliotecas do Ministerio  
de Cultura para a súa difusión en bibliotecas, centros  
culturais e universidades de España, para a totalidade  
dos números do ano.



Esta revista é membro de ARCE  
(Asociación de Revistas Culturales  
de España)

O pasado 25 de novembro, na Casa Galega da Cultura-Biblioteca Penzol, tivo lugar o acto de inauguración da exposición "No niño novo do vento", conmemorativa do centenario do nacemento de Álvaro Cunqueiro. A exposición xirou durante este ano polas principais cidades de Galicia. Recollemos a intervención de Alfonso Zulueta, vicepresidente da Fundación Penzol, no acto de inauguración.



Centenario do nacemento de Álvaro Cunqueiro

## Itinerario por Galicia

Estamos no ano da conmemoración do centenario do nacemento de Álvaro Cunqueiro (1911-1981), figura excepcional con proxección máis alá de Galicia, evento propicio para analizar a singularidade e xenialidade da súa obra desde as múltiples perspectivas que ofrece.

A traxectoria vital do noso autor vén marcada por feitos conformadores da súa personalidade. Nado nun ambiente familiar onde vai escutar, especialmente da súa nai, dona Pepita, relatos e contos do país, nas súas expresións más puras, descubrindo unha terra abondosa en narracións. Na súa estancia no instituto de Lugo, sito daquela no Pazo da Deputación, por vez primeira viu o mapa de Fontán, unha descuberta que o deixou abraiado. "Foi o meu grande encontro co país galego. Ali estaba a miña terra, a terra da miña vocación, dos meus

días, a terra temoral e eterna". A terra cunha lingua "de escuro acento labrego" que o escritor necesitaba. No instituto había unha gran biblioteca: "Eu voaba dun libro a outro como o malvís pode voar de póla a póla".

Comeza a espertar nel unha inmensa vocación pola lectura, que encheu toda a súa vida. Le moito, e dos máis variados temas: mitoloxía, bestiarios medievais, etnografía, cociña, sobre os países nórdicos e as súas sagas e lendas, e especialmente sobre Galicia, cos seus contos e lendas que coñeceu desde neno. Mais tamén autores distintos, diversos, varios, sempre importantes, desde Ronsard a Villon, de Bart a Teilhard de Chardin, de Küng a Guardini. É unha relación sorprendentemente aberta ao mundo da cultura, fundamento da súa fonda inquedanza polos aconteceres da Historia e do seu tempo.

As súas creacións abranguen moi diversos eidos, que cultiva con excepcional calidade: articulista, xornalista que enriquece as noticias, os feitos, os relatos, dándolles unha dimensión literaria; poeta, dramaturgo, narrador. En todos eles nutriase da súa excepcional formación, alicerzada nunha portentosa memoria literaria. Unha prodixiosa capacidade de fabulación nas lingüas galega e castelá, tanto nas lendas coma nos contos. Segundo a Carré Alvarrellos, podemos facer distincións segundo o contenido: mentres as lendas tiñan a intensidade do sobrenatural, no conto este elemento convertíase en algo máis fantástico e marabiloso. A imaxinación fabuladora, partindo sempre dunha migalla de verdade, como novelara frei Antonio de Guevara, bispo de Mondoñedo alá polo século XVI, a quen Cunqueiro declara deberlle en parte a súa afección fabulística-adulteradora.

É preciso lembrar, non debería esquecerse, que o "realismo fantástico" chegado a España co boom latinoamericano fora xa cultivado en moi diversas formas pola tradición oral e escrita de Galicia. Este tema é merecente dunha precisa e más fonda análise, decatémonos de que a obra cunqueiriana, co predominio da fabulación e da fantasía, enfrentábase especialmente co realismo social imperante naqueles tempos. César Antonio Molina subliña que a carencia dunha tradición crítica ensaística especializada nestes temas levou a consideracións baseadas no descoñecemento, e así o autor de *Merlín e familia* chegou a ser cualificado como novelista de avasión, fuxindo da realidade contemporánea. Quizais esas carencias na análise foron a causa fundamental de

que algunas das súas obras non tivesen a proxección que correspondía ás súas excepcionais calidades. Teño o convencemento de que, de nacer noutra autonomía, máis sensible, sería proposto para o premio Nobel.

Xustamente, Álvaro Cunqueiro considerou os seus personaxes como seres existentes no mundo, mergullados nas creacións imaxinadas, onde atopan acubillo as forzas ancestrais que os moven, como o amor, o odio, a vinganza, o desexo de mocidade, a morte... Moitas veces agochan arquetipos de personaxes existentes no mundo real, que se amosan envoltos na imaxinación fabuladora. Todo o universo literario de Cunqueiro significa a esforzada loita por nos convencer de que a verdadeira vida é apariencia, imaxinación, sendo os mitos a expresión fundamental da alma humana.

Nunha entrevista en *Faro de Vigo*, en 1961, manifestaba: "Quisiera quedar como poeta..." Recentemente, a Editorial Galaxia publicou unha nova edición da súa poesía, a cargo de Xosé Henrique Costas e Iago Castro, que vai enriquecer a visión

sobre o poeta Cunqueiro, porque nela se presenta unha análise ampla onde a ironía e o humor arroupan as invencións de poetas creados pola imaxinación fabuladora. Queda moito por facer. Como di un dos autores: "O problema, o bendito problema é que hai moito Cunqueiro por descubrir"; ainda hai que facer xustiza a un escritor que, como sinalou Darío Xohán Cabana, fai que pague a pena toda unha literatura. Coido que gorentar a obra de Cunqueiro nestes tempos revoltos, ademais de espertar a imaxinación, pode enriquecer as perspectivas culturais.

Remato dándolle voz ao fabulador: "En fin, en fin, non podo, non podo, para min é imposible concibirme sen todas esas vivencias infantís dunha parte, e outra parte sen esa paisaxe que eu coñeo, perfil e perfil de monte, dos bosques... Todo isto, toda esta paisaxe concreta de Mondoñedo e, en xeral, de toda Galicia, ten certo grao de humidade e verdor que a min me parece indispensable para vivir".

Así falou pouco antes do día da súa morte ■ Alfonso Zuñuela de Haz

# No niño novo do vento



Cen anos con Álvaro Cunqueiro

1911-2011

"Con avos, dez veces a sorprendente das súas  
Cada nome é unha data e cada data nela pulsan diferente e extraordinaria"

# Príncipe das letras

Cen anos con Álvaro Cunqueiro

Manuel Forcadela, María Liñeira,  
Xosé Manuel Dasilva, Fernando Valls,  
César Cunqueiro

# GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

192 outubro, novembro, decembro 2011

Tomo XLIX

Derradeira conversa  
con Álvaro Cunqueiro  
5 de xaneiro de 1981

César Morán

Poemas esquecidos anteriores a 1933  
Xosé-Henrique Costas / Iago Castro

Para que precisamos ainda  
a nación en Europa?  
Miroslav Hroch

A zarzuela galega  
e as Irmandades da Fala  
Javier Jurado Luque

Carta de Chiloé

